

Sada
Merece
Máis!



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

Programa electoral

**Eleccións
Municipais
2023**

A SADA QUE ESTÁ POR VIR

Sada precisa dun proxecto solvente e participativo, que involucre a toda a sociedade nunha nova dinámica de integración e de orgullo de pertenza a Sada, que busque a incorporación dunha actividade económica sostíbel e, ao mesmo tempo, saídas á deterioración ambiental e á escaseza de tecido produtivo. Ante a situación actual, no BNG queremos implantar políticas que consideramos esenciais para rachar cos males endémicos do noso concello, de xeito que aquelas cuestións que frean o seu crecemento sexan superadas mediante políticas activas de dinamización.

Presentamos unha candidatura formada por persoas competentes, ilusionadas, que teñen a cabeza e o corazón en Sada. Presentamos un equipo preparado, cheo de ilusión e cos pés no chan, disposto a traballar con propostas e iniciativas, pero que posúe tamén a formación e a capacidade técnica e política necesarias para resolver os problemas que poidan xurdir ao longo do camiño.

Ademais, contamos cunha organización política sólida que nos apoia e que nos axudará a conseguir os recursos necesarios noutras administracións cando sexa preciso. O BNG ten presenza en todas as institucións democráticas: na Deputación Provincial (na que cogobernamos), no Parlamento de Galiza (onde somos a primeira forza da oposición), no Estado e ata no Parlamento Europeo, e isto dános unha fortaleza que se pon de manifesto ben ás claras cando gobernamos no Concello e que nos distingue doutras candidaturas.

Cando gobernamos, Sada sae beneficiada. As obras máis importantes que se realizaron en Sada nos últimos 15 anos leváronse a cabo no período no que o BNG gobernou Sada e ao mesmo tempo cogobernaba na Xunta. Desa época son A Galiña Azul e o Centro de Día de Mondego, a remodelación e recuperación da Cámara Agraria de Riobao, a rehabilitación da Capela de San Roque, a herba artificial no campo das Mariñas (que permitiu que centos de rapaces deixasen de xogar na lama), a pista de patinaxe e un longo etcétera de reformas nos espazos públicos.

Neste momento Sada necesita recuperar peso nas institucións supramunicipais. A modo de exemplo, é sintomático que un concello como Oleiros teña dobre beirarrúa na estrada que sobe de Santa Cruz a Meirás (nunha estrada da Deputación) mentres que na parte sadense da mesma estrada, que supón aproximadamente a metade, non existe un só metro de beirarrúa.

O noso compromiso é coa vila e a xente de Sada. Por elas traballaremos arreo, coa convicción de que o proxecto do BNG é a mellor opción para a cidadanía, como o demostra a experiencia dos gobernos liderados polo BNG en Sada e noutros concellos galegos que destacan polo seu bo facer.

Principios e folla de ruta

A acción municipal do BNG implica unha alternativa ás políticas impostas ao noso país, ao tempo que desenvolve modelos participativos asentados no criterio de poñer os intereses da maioría social, das clases populares, por riba de todo. O BNG é unha organización política que ten claras as súas prioridades e sabe que tipo de vilas e cidades quere promover: vilas e cidades nas que o primeiro son os propios habitantes, que coa nosa acción de goberno ven mellorada a súa calidade de vida. Hai un marco amplo para Galiza que nos proporciona a organización, pero o BNG de Sada sabe que tipo de vila quere e as accións concretas que quere desenvolver.

E por iso, a actuación do BNG réxese polos seguintes principios:

- ▶ Defensa dos intereses galegos, da nosa capacidade para producir, para traballar e vivir con dignidade no noso país; da nosa lingua, da nosa cultura e do noso patrimonio, e do dereito a decidirmos con absoluta liberdade.
- ▶ Defensa e posta en práctica dos principios democráticos máis avanzados: radicalidade democrática, dereitos individuais e colectivos, participación social, laicismo. A participación popular como garantía de transparencia. Combate absoluto á corrupción.
- ▶ Defensa dos sectores produtivos galegos, da nosa riqueza natural e produtiva e do noso territorio.
- ▶ Ruptura co patriarcado, co machismo e coa LGTBfobia. Políticas activas de combate contra a violencia de xénero e o feminicidio. Transversalidade das políticas de igualdade. Defensa dos dereitos dos colectivos LGTB.
- ▶ Defensa da inclusión social plena das persoas con capacidades diferentes.
- ▶ Aposta decidida por políticas de defensa do medio e do territorio con criterios de sustentabilidade social e ambiental.
- ▶ Defensa da capacidade da administración pública para prestar servizos e mellorar as condicións de vida dos galegos e galegas. Defensa da xestión pública directa da administración e dos servizos públicos como a fórmula que mellor garante o funcionamento con criterios de calidade e interese público.
- ▶ Colaboración e traballo co tecido asociativo local e comarcal. Política de apoio e fomento da autoorganización social.

PROMOCIÓN ECONÓMICA E INNOVACIÓN

Economía local e emprego

Consideraremos como primeiro obxectivo facilitar as condicións para a creación de emprego vinculado ao desenvolvemento local e ao benestar social.

No BNG contribuiremos a impulsar e dinamizar a economía local, poñendo en valor os recursos endóxeos para acadar un modelo de crecemento económico sustentábel, apoiando e investindo en medios para atinxir un modelo económico con maiores niveis de emprego.

Así, para revertermos a situación actual desenvolveremos as seguintes liñas de actuación:

- ▶ Posta en valor da zona do Tarabelo, dotando de servizos os terreos destinados a área comercial previstos no PXOM.
- ▶ Dinamizaremos as infraestruturas públicas en diferentes parroquias para facilitar o autoemprego e a creación de empresas.
- ▶ Promoveremos a formación para as persoas desempregadas, poñendo en marcha un Centro de Formación Ocupacional que responda ás necesidades de Sada.
- ▶ Habilitaremos un espazo municipal compartido para o teletraballo (*coworking*).
- ▶ Contribuiremos ao desenvolvemento económico local a través de accións con outras institucións orientadas a resolver problemas estruturais, como a mellora do transporte público ou a posta en valor dos espazos dotacionais para solo empresarial previstos no PXOM. Promocionaremos a posta en valor de máis de 700.000 m² de solo no Espírito Santo, un espazo que xa ten a cualificación urbanística necesaria e que só falta dotar das infraestruturas precisas para o seu desenvolvemento.
- ▶ Apostaremos por fomentar o emprego público vinculado a servizos básicos locais para a poboación como vía prioritaria para crear emprego estábel, emprego dirixido especificamente aos sectores de poboación que presentan taxas máis altas de desemprego, como son as mulleres e a mocidade. Para tal fin, reclamaremos do Estado que se suprima a limitación á creación de emprego público para poder reforzar e ampliar servizos públicos locais, e poder así reforzar o cadro de persoal municipal en departamentos actualmente deficitarios, como é o caso de Servizos Sociais e outros.
- ▶ Fortaleceremos o tecido comercial e empresarial, apoiando o comercio local e de proximidade con ferramentas que melloren a competitividade fronte ás grandes superficies comerciais e incentivando a compra de produtos locais e galegos. Neste sentido xa se fixeron esforzos creando festas gastronómicas como a *Festa da Xiba* ou a *Cervefeira*, eventos que pretendemos consolidar, igual que a *Feira Modernista*.

- ▶ Participaremos en iniciativas e programas comunitarios experimentais de emprego e autoemprego en colaboración con entidades e concellos da comarca, e tamén en programas de cooperación entre municipios, Xunta e Deputación, para facilitar a inserción laboral en novos ámbitos de emprego.
- ▶ Fomentaremos a través dos pregos de contratación que as empresas favorezan a inserción laboral daqueles colectivos máis desfavorecidos, e tamén mediante talleres de emprego para persoas con algunha disfuncionalidade, en colaboración co Consorcio das Mariñas.
- ▶ Traballaremos por mellorar a formación no eido laboral e por mellorar a relación coas universidades públicas galegas e cos centros educativos, facilitando a creación de programas e actividades de prácticas.
- ▶ Intensificaremos a colaboración cos servizos públicos de emprego para canalizar axudas para a contratación de persoas desempregadas por parte do Concello, ou en empresas que prestan servizos no Concello.
- ▶ Promoveremos a creación da Mesa pola Inclusión Social e o Emprego, que asegure a participación e a coordinación política e técnica entre todas as institucións e axentes sociais implicados.
- ▶ Faremos que a rehabilitación do edificio do Centro de Formación Ocupacional de Osedo sirva para que ese Centro contribúa á empregabilidade. Apoiaremos a creación de escolas-obradoiro centradas en recuperar oficios especializados con alta demanda no mercado laboral e oficios que impliquen reparación, mantemento, reutilización e reciclaxe local de materiais e produtos usados.
- ▶ Demandaremos do Goberno da Xunta a implantación de ciclos formativos de FP en Sada, como medida de formación e fomento do emprego.
- ▶ Impulsaremos actuacións dirixidas a garantir o acceso e a permanencia das mulleres no mercado de traballo en condicións de igualdade: apoiando e promovendo o emprendemento feminino, favorecendo a conciliación e a corresponsabilidade da vida persoal, laboral e familiar, a través do fomento do programa *Madrugadores* nas escolas, colaborando co Consorcio ou a Mancomunidade no servizo de canguros e incorporando cláusulas sociais na contratación pública, coa finalidade de favorecer a selección de empresas que destaquen por desenvolveren unha política a prol da igualdade.
- ▶ Volveremos mirar ao mar. Os intereses do sector pesqueiro seguen sen ser atendidos polos gobernos da Xunta, do Estado e de Europa. É necesario que o sector sinta o noso apoio: somos un pobo con raíz mariñeira e debemos levalo con orgullo. Cando a pesca vai mal, Sada vai mal. Debemos apoiar as medidas que adopte a Confraría de cara ao fomento da actividade pesqueira no porto de Sada e seguir esixindo a Portos de Galicia maiores condicións de seguridade para as actividades pesqueiras.

Sectores produtivos

O BNG aposta por unha estratexia que permita planificar a actuación en sectores produtivos propios que pauten procesos de recuperación económica, social e mesmo cultural. Son estes sectores tamén os que contribúen a unha loita activa contra o desemprego, xa que neles podemos encontrar grandes oportunidades para a contratación ou nichos para proxectos innovadores de iniciativas e actividades profesionais.

Por iso,

- ▶ Traballaremos coa necesaria visión supramunicipal que nos dá a presenza en todo o territorio, buscando a cooperación con outras administracións locais e supramunicipais, coa propia Xunta, co Estado e con Europa.
- ▶ Impulsaremos a posta en marcha dun parque loxístico nos terreos do polígono industrial do Espírito Santo, procurando a súa ordenación, dotación de servizos e mellora do xa existente, para chegar a ter 700.000 metros cadrados que contribúan á mellora e desenvolvemento económico de Sada. Apoiaremos todas as iniciativas empresariais e sociais que teñan por obxecto incrementar a economía produtiva e a produción de bens de carácter social.

Turismo

Defendemos un sector turístico que se desenvolva de forma equilibrada, afastado da especulación, da masificación e de transformacións urbanísticas realizadas de costas á poboación.

Seguindo esa liña, comprometémonos a:

- ▶ Seguir impulsando un modelo de turismo que evite as concentracións de beneficios nuns poucos mentres a veciñanza, o medio ambiente e o patrimonio padecen a maior parte das consecuencias negativas.
- ▶ Establecer criterios básicos de actuación en materia de infraestruturas turísticas, velando porque a actividade turística respecte, preserve e protexa a riqueza cultural, o patrimonio histórico-artístico e o medio ambiente.
- ▶ Proseguir coa rehabilitación e humanización de zonas que impulsen o comercio e a hostalaría locais e aproveitar o patrimonio arquitectónico en desuso como factor de atracción diferencial.
- ▶ Buscar alternativas de baño nas inmediacións da praia nova de Sada.
- ▶ Rexenerar e pór en valor o Espazo Natural de Interese Local das Brañas e instalar alí un miradoiro e un centro de interpretación da fauna e a flora. Para isto é necesario adquirir os terreos necesarios para construír tamén unha senda perimetral peonil, convertendo así un espazo degradado nunha zona que supoña valor engadido ao turismo e o lecer en Sada
- ▶ Contextualizar a oferta turística e patrimonial como parte da rica cultura galega e produto da nosa historia e do noso devir como nación. Non queremos que Sada sexa "a Marbella do norte", queremos que sexa a mellor opción de espaxamento do Golfo Ártabro, conservando os nosos valores e tradicións. Só así seremos un atractivo fóra das nosas fronteiras. Só valorándonos podemos aspirar a que nos valoren.
- ▶ Fomentar a hostalaría local, potenciando eventos consolidados como o Touliña Pop, a Festa da Xiba, a Sardiñada, a Festa da Filloa, a Feira Modernista etc., será unha das nosas prioridades. No seu momento participamos e impulsamos a súa posta en marcha, e seguiremos a fomentar aquelas iniciativas promovidas pola cidadanía que poñan en valor o noso patrimonio cultural, paisaxístico, ecolóxico e gastronómico.
- ▶ Buscaremos un novo emprazamento para o mercado municipal, cun novo e moderno espazo que dignifique o traballo das praceiras e praceiros e convide á compra os novos clientes, converténdoo nun eixe máis de desenvolvemento local.

- ▶ Seguiremos impulsando a cubrición de espazos, como o xa realizado nas pistas de Mondego. A única pista polideportiva que temos cuberta en Sada débese ao traballo do BNG.
- ▶ Continuar potenciando o feirón como una actividade comercial moi importante, que cada sábado atrae centos de visitantes a Sada. Foi o BNG quen lle deu o impulso definitivo hai 15 anos, incorporando todas as rúas da zona das Brañas, co que se triplicou o espazo para unha actividade que hoxe é referencia en toda a comarca.
- ▶ Seguiremos a traballar na posta en valor do Pazo de Meirás como referente turístico, pulando por uns usos compatibles coa súa historia recente.
- ▶ Seguiremos a promover o Museo Calos Maside como ben de interese cultural (BIC) para formar un interesantísimo triángulo BIC visitábel (Meirás - O Castro - A Terraza), con impulso específico da Concellaría de Turismo.

DESAFÍOS DA EMERXENCIA CLIMÁTICA

Dereito ao espazo público

Os espazos públicos da vila e das parroquias son elementos fundamentais da socialización e da cohesión social e, por tanto, deben poder ser utilizados en boas condicións por toda a poboación. Expulsar as persoas do espazo público é un grave atentado á igualdade de oportunidades. É por isto que:

- ▶ Promoveremos e aplicaremos medidas para que a mobilidade peonil sexa prioridade na mobilidade municipal, avanzando na recuperación e creación de espazos públicos de calidade, accesíbeis, seguros e con usos pluraís, de modo que sexan centros de socialización e convivencia veciñal.
- ▶ Melloraremos e impulsaremos a posta en marcha do Plan de mobilidade urbana sostible (PMUS), xa elaborado.

Mobilidade

O transporte público é un dos principais problemas de Sada. Consideramos que un servizo público de transporte é fundamental e ten que vertebrar o concello, motivo polo que ten que ser reformulado para atender as partes de Sada que non teñen ningún servizo de transporte e que non enlazan coas principais liñas existentes.

Para isto:

- ▶ Seguiremos a fomentar o abaratamento do bonobús para estudantes, desempregados/as e pensionistas.
- ▶ Impulsaremos un plan de transporte público efectivo con especial atención ao proxecto da intermodal da Chaburra, co que se pretende desconxestionar e liberar o centro da vila de vehículos.
- ▶ Destinaremos como mínimo, o 10% dos investimentos da Deputación á construción de sendas peonís e carril bici, fomentando a conexión entre as parroquias e incrementando as zonas de paseo seguro a pé.
- ▶ Estaremos vixiantes e reclamaremos da Xunta a corrección de deficiencias do servizo, as impuntualidades ou a saturación de pasaxeiros nos vehículos.
- ▶ Promoveremos o uso de vehículos menos contaminantes, especialmente as alternativas aos combustíbeis fósiles, con bonificacións nas ordenanzas, e crearemos plans informativos.

- ▶ É prioritario facer de Sada un referente da mobilidade sostíbel, como xa temos demostrado noutras vilas onde gobernamos. Na actualidade a sinistralidade e perigosidade para os peóns fai primordial facer de Sada unha vila máis accesíbel a camiñar con seguridade: aparcamentos disuasorios e carrís bici, beirarrúas, pasos de peóns elevados e zonas de prioridade peonil.

Sustentabilidade ambiental

A sustentabilidade ambiental supón o compromiso da presente xeración coas xeracións vindeiras, xorde de asumir a nosa responsabilidade como sociedade para que o patrimonio natural, as paisaxes, os territorios e o medio sexan respectados, protexidos e preservados. Con este fin:

- ▶ Asumiremos un papel activo en materia de vixilancia e conservación das masas forestais e da limpeza dos predios próximos ás vivendas. Traballaremos na prevención de riscos e asegurando o cumprimento rigoroso da normativa de protección de núcleos rurais.
- ▶ Faremos das Brañas un lugar natural de referencia.
- ▶ Potenciaremos a compostaxe doméstica nas vivendas unifamiliares e procuraremos, dentro do Consorcio das Mariñas, impulsar a compostaxe e mellorar a recollida selectiva.
- ▶ Procuraremos a instalación dun novo punto limpo no noso concello.
- ▶ Fomentaremos o uso racional da auga e construiremos novos depósitos de abastecemento no subsolo das pistas do Castro, para mellorar a capacidade de almacenamento e para procurar un mellor servizo, sobre todo na época estival.
- ▶ Construiremos tanques de tormentas nas inmediacións das Brañas e no subsolo das pistas polideportivas do paseo marítimo, para acoller a auga das grandes avenidas e evitar a súa evacuación directa ao mar, enviándoa paulatinamente á estación depuradora para o seu tratamento.
- ▶ Ampliaremos a capacidade da EDAR de Sada para cubrir o importante crecemento demográfico que estamos a experimentar.

Residuos municipais

O BNG sempre rexeitou o tratamento dos residuos municipais no modelo de SOGAMA, baseado na incineración da case totalidade dos residuos. Foi un goberno do BNG o que quitou a Sada dese modelo e nos integrou no Consorcio das Mariñas, que se ben ten moitas eivas e é susceptible de melloras, dá unha mellor cobertura á necesidade ambiental, e legal, de reciclar os biorresiduos.

Con ese aval que nos dá o traballo feito, seguiremos a promover un modelo na xestión dos residuos municipais apoiado na implicación colectiva e na participación directa de toda a sociedade, no convencemento de que esa é a premisa para que realmente poida ser eficiente. A nosa aposta sempre será por un modelo e frecuencia de recollida rural e urbana que garanta unha separación de calidade dos biorresiduos e demais fraccións, que impulse a compostaxe doméstica e comunitaria, así como unha separación eficiente dos diferentes residuos, como indica a lexislación europea sobre este tema. Comprometémonos tamén a implementar programas de educación ambiental e sensibilización social en coordinación cos centros educativos.

Iluminación e enerxía

O alumeadado público é garantía do correcto tratamento do espazo público desde dúas dimensións. Dunha banda, garante espazos seguros e transitábeis, e doutra, os espazos ben ilumina-

dos teñen especial importancia no deseño de espazos accesíbeis para toda a cidadanía. Para isto:

- ▶ Impulsaremos ou colaboraremos en proxectos de autoconsumo, comunidades enerxéticas, redes de calor e outras alternativas de enerxías renovábeis de proximidade.
- ▶ Traballaremos no aforro enerxético, xa non só por unha cuestión de aforro, senón tamén por unha cuestión ambiental. Modificaremos as ordenanzas municipais para bonificar a instalación nas vivendas de enerxía fotovoltaica e doutras enerxías renovábeis.
- ▶ Impulsaremos un plan de acción local para diminuír a pegada de carbono de todas as instalacións municipais, mediante a eficiencia enerxética, redución de consumos e incorporación de sistemas renovábeis.

Urbanismo, territorio e medio

A curto prazo, a función máis importante do Concello consiste na prestación dos servizos básicos, mais a medio e longo prazo é preciso tratar de incidir na ordenación do territorio, tanto na previsión de intervencións sobre el como nas actuacións que se fagan para o seu coidado e permanencia.

O urbanismo debe desenvolverse mediante unha planificación multisectorial, onde a mobilidade, a definición de estratexias de infraestrutura verde ou os procesos de naturalización urbana camiñen da man na procura de concellos saudábeis e sustentábeis. Por esta razón:

- ▶ Comprometémonos a axilizar o desenvolvemento do PXOM, que contempla accións cuatrienais a cargo do Concello e que necesitan un impulso.
- ▶ Demandar de Augas de Galicia que mellore o caudal de evacuación do río Maior soterrado na rúa Venezuela, contribuíndo xunto coa Deputación ao financiamento das obras para descubri-lo ata adeseembocadura, correxindo erros do pasado. Así mesmo, que execute a mellora do colector principal de saneamento. Construír un tanque de tormentas e revisar a rede de saneamento para evitar fugas e filtracións, avanzando así no necesario saneamento integral do concello e na recuperación de espazos degradados. Procurar unha solución aos continuos asolagamentos nesa zona.
- ▶ Crearemos un espazo dotacional en Mosteirón, a única parroquia de Sada que non conta a día de hoxe cunha casa do pobo propia.
- ▶ Poñeremos en valor os espazos libres das Brañas.
- ▶ Buscaremos unha solución aos problemas de aparcamento, con aparcadoiros disuasorios na Chaburra ademais de en Samoedo, con conexión directa co centro urbano.
- ▶ Poñeremos en valor o espazo libre de Monte Lixandre, de Fontán, do Campo das Mantas, de Castelo e de Corbeiroa.
- ▶ Melloraremos a conexión das estradas no Tarabelo coa construción dunha rotonda.
- ▶ Construiremos unha rotonda no lugar da Lamela para mellorar a seguranza viaria na intersección da DP-7506 e a DP-7504.
- ▶ Construiremos lugares de aparcamento nas praias de Cirro e San Pedro, en Veigue.
- ▶ Desenvolveremos os plans especiais de ordenación de Carnoedo e Veigue previstos no PXOM para contribuír á reordenación e mellora de viarios e espazos públicos.

DEMOCRACIA, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

Na nosa acción política sempre consideramos como un dos principios fundamentais da xestión pública a transparencia, que é fonte de confianza entre a veciñanza e as persoas encargadas de xestionar o Concello. Esta transparencia tradúcese en dar conta de cada céntimo de euro xestionado.

O outro principio básico é a participación veciñal, que sempre fomentamos e que nos comprometemos a incrementar aproveitando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías.

En consecuencia:

- ▶ Fomentaremos a participación veciñal nos órganos de goberno e na elaboración de orzamentos participativos eficaces que faciliten a implicación da cidadanía.
- ▶ Estableceremos unha canle de relación directa e regular entre o tecido asociativo e o Concello para coñecer as necesidades e as problemáticas de cada unha das asociacións, ademais de establecer unha estreita colaboración na organización das diferentes actividades que desenvolvan. Impulsaremos a participación dos colectivos e entidades representativas nos procesos de toma de decisión do seu ámbito sectorial.
- ▶ Comprometémonos a mellorar a xestión das axudas, sacando o concurso de libre concorrencia na primeira metade do ano fiscal, co fin de que as asociacións beneficiarias poidan facer unha planificación axeitada, sabendo con que axudas contan.
- ▶ Impulsaremos as “cartas de servizos” como mecanismo fundamental para que os/as veciños/as coñezan todos os servizos aos que poden ter acceso, así como os procedementos que implican.
- ▶ Manteremos un Concello aberto, no que os cargos públicos sexan accesíbeis ás veciñas e veciños, e realizaremos xuntanzas abertas coa veciñanza.
- ▶ Promoveremos a máxima transparencia en toda a actividade municipal, empregando as tecnoloxías da comunicación para dar conta especialmente dos acordos e decisións adoptadas.
- ▶ Teremos moi en conta o tecido asociativo. As actuais asociacións de veciñas e veciños das diferentes parroquias prestan un servizo moi importante que debe contar non só co apoio municipal, senón coa necesaria autonomía de funcionamento.
- ▶ Implantaremos a total transparencia informativa na xestión dos recursos públicos e nos criterios de concesión de bolsas de estudos, axudas e subvencións municipais.

BENESTAR SOCIAL: O DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

Neste contexto de crise de prezos que estamos a sufrir, a axuda mutua entre a veciñanza e o apoio á poboación máis desfavorecida ten que ser unha prioridade de goberno, como sempre o foi cando desde o BNG asumimos a responsabilidade na Área de Servizos Sociais e Igualdade, un traballo que se pode observar vendo como Sada multiplicou por catro o orzamento social desde o último xestionado polo goberno conservador e como somos o concello da área metropolitana cun maior investimento social por habitante.

Saúde e benestar

No BNG consideramos que a saúde é un dereito fundamental. Dentro das competencias municipais, fomentaremos a eficiencia e a calidade dos servizos, sen deixar de esixir ao Goberno da Xunta de Galiza que dote con máis persoal o Centro de Saúde.

Por isto:

- ▶ Promoveremos un plan de prevención da ludopatía no xogo de apostas e levaranse a cabo campañas periódicas de información sobre desordes alimentarias, drogodependencias e outras adicións, sexualidade e anticoncepción, prevención das ETS...
- ▶ Elaboraremos e promoveremos campañas de vida saudábel e de prevención de enfermidades.
- ▶ Fomentaremos actividades deportivas, lúdicas e terapéuticas en colaboración co tecido asociativo.
- ▶ Pediremos á Xunta que apoie o cambio de localización do Centro de Saúde para unha parcela situada nas inmediacións do campo de fútbol das Mariñas.
- ▶ Promoveremos a ampliación de prazas no actual Centro de Día público de Mondego.

Inclusión social e igualdade

O obxectivo da inclusión social e igualdade é desenvolver políticas nesas materias que consigan que ninguén quede atrás, que en Sada ningunha persoa quede fóra, relegada, discriminada ou excluída. O obxectivo é combater, en colaboración coa Deputación e a Xunta, a desigualdade que esixe a atención integral das persoas máis desfavorecidas. Traballaremos para asegurar todos os dereitos para todas as persoas, á marxe do lugar de orixe, idade, sexo, capacidade, orientación sexual ou relixión.

Para isto:

- ▶ Poñeremos en marcha campañas informativas e de detección de problemáticas sociais.
- ▶ Atenderemos as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos.
- ▶ Incrementaremos os servizos de protección social, ampliando tamén o cadro de persoal municipal.
- ▶ Fomentaremos un programa de acollida a persoas refuxiadas.
- ▶ Implementaremos novas iniciativas que axuden a paliar situacións de risco de exclusión ou de dificultades económicas, como pode ser o roupeiro municipal, o banco de alimentos ou o banco de aparellos electrónicos.

Benestar animal

O benestar social trae consigo necesariamente satisfacer as preocupacións derivadas da situación do benestar dos animais de compañía e o conxunto dos seres vivos do noso Concello. Coa mirada posta nas necesidades máis urxentes neste ámbito, consideramos prioritario:

- ▶ Poñer en marcha, en colaboración coas clínicas veterinarias radicadas no concello, campañas de microchipado e esterilización dalgúns dos animais de compañía.
- ▶ Continuaremos e melloraremos a xestión da recollida de animais ambulantes e o control de colonias felinas, en colaboración con asociacións protectoras con traballo no concello.

Actividade física

A promoción da práctica deportiva contribúe a fomentar hábitos de vida saudábeis entre a poboación, constitúe unha alternativa no tempo de ocio que facilita o contacto entre veciños/as, o coñecemento das realidades máis próximas e fomenta valores de esforzo, respecto e amizade.

O BNG apoiará a extensión da práctica deportiva popular, con inclusión da perspectiva de xénero e priorizando a democratización e fomento do deporte para persoas de todas as idades e con diferentes capacidades, abrindo as portas das infraestruturas deportivas e fomentando por igual todas as modalidades deportivas.

Para isto:

- ▶ Impulsaremos a creación dun centro deportivo para a práctica do atletismo en Mondego, que poida ser utilizado tamén en horario escolar polo alumnado dese Centro e doutros do Concello.
- ▶ Acondicionaremos as infraestruturas existentes para que estean en condicións óptimas para a practica deportiva.
- ▶ Facilitaremos o acceso ás instalacións deportivas municipais para a mocidade, pensio-nistas e xubilados/as.
- ▶ Apoiaremos e potenciaremos as escolas deportivas municipais.
- ▶ Promoveremos o deporte entre a mocidade con programas específicos.
- ▶ Racionalizaremos o uso das instalacións deportivas municipais.

- ▶ Recuperaremos e fomentaremos os deportes e xogos tradicionais.
- ▶ Apoiaremos as entidades deportivas, establecendo unha colaboración permanente coa Área de Deportes para a atención das súas demandas e tamén para a realización de actividades conxuntas, procurando axilidade na concesión das axudas.

A IDENTIDADE COMO FERRAMENTA DE TRANSFORMACIÓN

No BNG de Sada estamos comprometidos coa normalización social da lingua en todos os ámbitos de actuación. Atopámonos nun contexto sociolingüístico de perda de falantes, de maneira alarmante entre os/as máis cativos/as e a mocidade, polo que o papel das institucións a prol da normalización é crucial. É preciso que a valoración e a normalización da lingua galega sexa un obxectivo preferente do goberno municipal e central na acción municipal.

Para isto:

- ▶ Activaremos programas de promoción da lectura en galego.
- ▶ Cumpriremos a ordenanza municipal de uso e promoción da lingua propia, elaborada por un goberno presidido polo BNG pero que desde aquela foi incumprida reiteradamente. Garantiremos o uso do galego en toda a documentación municipal e na relación coa cidadanía, en consonancia co disposto nesa Ordenanza e no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en 2004, que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística.
- ▶ Apoiaremos e crearemos campañas de normalización e programas de galeguización de actividades sociais.
- ▶ Crearemos e reforzaremos áreas políticas específicas para a coordinación, planificación e desenvolvemento dunha política lingüística municipal, así como un servizo de normalización lingüística.
- ▶ Implantaremos órganos de participación nos que deben implicarse os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización.
- ▶ Intensificaremos a colaboración con entidades sociais (ANPAS, centros de ensino, asociacións veciñais...) para multiplicar as accións de fomento do uso da lingua galega.

Unha verdadeira política cultural

Entendemos a política cultural como unha actividade inserida na nosa realidade social e lingüística, cuxo obxectivo principal debe ser a afirmación e o fortalecemento da nosa identidade como nación. A promoción, divulgación e impulso da cultura é imprescindible municipalmente. Unha política cultural enraizada no país contribúe ao noso autoconecemento e autovaloración como pobo, máis alá de ser base tamén para o desenvolvemento social e económico. Por iso, asumimos a política de promoción, divulgación e impulso da creación de cultura como un eixo central da nosa actuación municipal.

En concreto, propoñemos:

- ▶ Entender a política cultural como unha actividade inserida na nosa realidade social e lingüística, e facelo desde unha perspectiva transformadora e social, cuxo obxectivo principal debe ser o desenvolvemento das potencialidades de todas as persoas e a afirmación e o fortalecemento da nosa identidade como nación.
- ▶ Concibir a política cultural municipal non só como un labor de difusión, mais como un conxunto en que debe ter cabida o apoio á creación, á produción propia e á investigación, así como ao conxunto de axentes culturais locais, nomeadamente o asociacionismo cultural.
- ▶ Dotar de rendibilidade social o traballo cultural e pór en valor as diferentes manifestacións culturais.
- ▶ Apoiaremos as diferentes asociacións culturais existentes no municipio para recuperar, estudar, pór en valor e difundir todas as manifestacións da cultura popular.
- ▶ Consolidaremos a actividade da escola de música e da banda municipal.
- ▶ Promoveremos os grupos locais, facilitando espazos e incentivando a creación musical popular, tradicional e contemporánea. Neste sentido recuperaremos para os grupos musicais locais un lugar de ensaio e fomentaremos as actividades de difusión da actividade dos artistas locais.
- ▶ Facilitaremos o uso dos locais municipais por parte do tecido asociativo e procuraremos a compatibilidade e complementariedade da oferta cultural do Concello e das asociacións, establecendo unha ferramenta dixital que consista nun calendario no que os diversos axentes que programan actividades poidan reservar espazos e datas e coñecer os eventos xa fixados para evitar solapamentos.
- ▶ Procuraremos a creación de sinerxías entre o Concello e as asociacións coa programación de actividades conxuntas e melloraremos a difusión da programación cultural para informar a un público máis amplo e diverso.
- ▶ Traballaremos pola posta en valor do inmenso legado de Isaac Diaz Pardo, e nomeadamente reclamaremos a declaración BIC do Museo Carlos Maside, unha das principais pinacotecas de arte galega contemporánea, e a súa apertura inmediata ao público. Neste marco, prestaremos especial atención á difusión do patrimonio industrial relacionado coa cerámica, como punto de referencia para o coñecemento dun sector moi relevante na nosa historia.
- ▶ Apoiaremos a escola de teatro e as manifestacións de teatro amator.
- ▶ Fomentaremos e divulgaremos a cultura audiovisual e crearemos o Arquivo Audiovisual Municipal, para o que xa contamos con dúas importantes pezas recuperadas para Sada polo BNG, como son os discursos inéditos de Ramón Suárez Picallo e o arquivo propiedade dun profesor do Colexio de Mondego que contén decenas de cintas nas que aparecen persoas e lugares de Sada dos anos 80.
- ▶ Impulsaremos e consolidaremos a Biblioteca Pública Municipal integrada na Rede de Bibliotecas de Galiza, e melloraremos a coordinación coas das parroquias. Crearemos unha sala de estudo en condicións para a mocidade.
- ▶ Apoiaremos a creación e difusión da obra plástica de artistas sadenses, tanto desde unha perspectiva histórica como actual.
- ▶ Prestaremos atención ás festas populares apoiando a presenza permanente de manifestacións da nosa cultura.

Patrimonio histórico

Para vivir unha vida digna é imprescindible poder gozar do patrimonio, poñelo en valor, traballar para o seu coñecemento e desenvolver unha planificación desde un pensamento autocentrado. Sada conta cun rico e diverso patrimonio cultural, material e inmaterial, que perdura na vila e nas parroquias como mostra dunha identidade forte e dinámica. Os bens culturais non son elementos illados da súa contorna; pola contra, deben ser considerados como parte do territorio e da comunidade. É así como adquiren valor real, opcións de uso e desfrute, e compromiso coa súa conservación e promoción.

Polo tanto, é mediante a rexeneración, a dinamización e a promoción do espazo público, a súa revalorización como escenarios de relación social, de convivencia e lecer, como se debe entender a posta en valor dos bens culturais, como parte da nosa rica tradición, da nosa identidade, mais sobre todo como instrumentos de cohesión social, de actividade comunitaria, de dinamismo socioeconómico e de proxección do concello.

Serán obxectivos prioritarios da acción de goberno do BNG:

- ▶ Potenciar o sentimento de pertenza, identidade e orgullo dos veciños e veciñas arredor da historia, as tradicións, a paisaxe..., comprometendo a sociedade nun proceso de protección, conservación, uso e promoción do patrimonio local.
- ▶ Desenvolver accións que poñan en valor o territorio no seu conxunto e que combinen actuacións complementarias en relación co medio natural e cos bens culturais.
- ▶ Promover os valores históricos e patrimoniais como factor de atracción turística, mais tamén de identificación nacional, procurando por tanto dalos a coñecer de forma contextualizada, correctamente inseridos na historia da nosa nación. Impulsar a preservación e posta en valor de edificios significativos. Esixir un plan de conservación para o edificio da Terraza.
- ▶ Poñer o patrimonio ao servizo do desenvolvemento comunitario e da cohesión social, establecendo vencellos cos distintos sectores da poboación e fomentando a participación na súa protección, conservación e dinamización.
- ▶ Mobilizar enerxías e recursos a favor da investigación, protección, recuperación, difusión e aproveitamento dos valores do territorio, a paisaxe e a historia.
- ▶ Difundir o catálogo de patrimonio histórico que figura no PXOM e que é practicamente descoñecido pola poboación.
- ▶ Fomentar rutas de coñecemento do patrimonio.
- ▶ Poñer en valor os castros de Sada, procurando a realización traballos arqueolóxicos.
- ▶ Poñer en valor as embarcacións tradicionais, fomentando a recuperación do patrimonio que queda e apoiando a divulgación e o desfrute desta cultura mariñeira.

Memoria histórica

O concepto de *memoria histórica* ten para o BNG un sentido amplo que abrangue a defensa dos dereitos humanos e a recuperación, valorización e difusión da historia do noso país, con especial atención aos movementos sociais e políticos que contribuíron a conformar a nosa identidade e conciencia nacional.

Cómpre, por tanto, apoiar desde o Concello todas aquelas actividades que contribúan a deitar luz e a divulgar aspectos do noso devir histórico, fundamentais para mellor recoñecérmonos como pobo. Neste sentido xa fixemos un traballo importantísimo coa traída dos restos de Ramón Suárez Picallo desde o cemiterio da Chacarita en Bos Aires ata o Fiunchedo, ou co imprescindible traballo de investigación de Manuel Pérez Lorenzo e Carlos Babío Urkidi que posibilitou a reversión ao patrimonio público do Pazo de Meirás. En todo caso seguiremos tomando medidas:

- ▶ Fomentaremos a investigación da historia local como xeito de favorecer un mellor coñecemento desta.
- ▶ Xa eliminamos na nosa etapa de goberno a simboloxía das rúas de Sada alusivas ao golpe de estado e á ditadura franquista, mais quedaron algúns símbolos nalgunha parroquia que serán eliminados.
- ▶ Defenderemos que os usos do Pazo de Meirás contribúan ao coñecemento da ditadura de Franco e da represión exercida no seu marco e máis ao estudo e difusión do legado de Emilia Pardo Bazán, así como que tamén albergue algún centro internacional de recuperación da memoria e da cultura da paz.
- ▶ O Pazo é un espazo que xa contribúe a dinamizar a economía local, pero é preciso incrementalo como un elemento de atracción de visitantes, ao tempo que seguiremos pendentes de denunciar e contribuír a anular calquera actuación encamiñada a realizar apoloxía do franquismo.

Apoio aos sectores emerxentes

En Sada temos un potencial por desenvolver no que atinxe á relación coas industrias culturais e creativas. Nos últimos anos asistimos en diferentes eidos ao desenvolvemento de iniciativas de especial relevancia no audiovisual, produción, música, deseño, ilustración... Son múltiples as disciplinas en que se pode apreciar un xeito propio e diferente de facer e que merecen a consideración, apoio e impulso municipal. Desde o BNG buscaremos as accións e medidas que faciliten a promoción destes sectores asumindo a súa importancia no desenvolvemento local a través das seguintes accións.

Por isto:

- ▶ Crearemos redes de recursos compartidos e bancos de proxectos municipais que contribúan ao coñecemento das distintas experiencias.
- ▶ Traballaremos na creación e no fomento de novos públicos que fagan viábel a aposta por estes sectores.
- ▶ Apoiaremos as importantes manifestacións culturais que teñen unha base social consolidada en Sada, nomeadamente os grupos que contribúen ao ensino de baile e cantos populares, a organización de eventos propios coma o Touliña Pop, grupos independentes como Esperto, manifestacións populares propias coma os Xogos Curruncheiros ou calquera outra manifestación cultural que teña raíz popular.

SERVIZOS PÚBLICOS DE CALIDADE

A prestación de servizos públicos básicos (iluminación pública, vías e espazos públicos, recollida de residuos sólidos urbanos, subministración de auga potábel e saneamento, tránsito nas áreas urbanas...) está entre as competencias municipais máis xenuínas e ás que, por tanto, se debe dar prioridade no ámbito da xestión fronte á asunción de competencias impropias. Quer o marco legal, quer o exíguo financiamento, as restricións do endebedamento e os límites da normativa sobre o déficit e estabilidade orzamentaria acoutan a capacidade de manobra dos concellos para ampliar a actuación cara a novas necesidades. Nesa medida, é nas competencias propias onde os concellos deben centrar os seus esforzos. Mais, como o Concello non pode nin debe desatender nunca as necesidades da súa veciñanza, será criterio permanente do BNG reclamar das outras administracións o cumprimento das súas obrigas na prestación dos servizos públicos da súa competencia, apoiando sempre —e encabezando, se for o caso— as reclamación e mobilizacións sociais que se puideren producir. O BNG procurará sempre unha xestión dos recursos públicos optimizada, buscando o máximo rendemento e a eficacia no conxunto da actuación municipal e especialmente na prestación dos servizos públicos polo impacto que poden ter na mellora das condicións de vida dos galegos e galegas. A xestión pública e directa dos servizos debe constituír un sinal distintivo da política municipal do BNG.

Nas últimas décadas véñense aplicando métodos de xestión indirecta que representan unha modalidade de privatización. Así, grandes empresas multinacionais poden ampliar o seu beneficio a custa de actividades tan relevantes como a subministración de auga, a xestión do lixo, a limpeza viaria, a axuda no fogar ou a limpeza de edificios municipais, entre outros. As consecuencias foron negativas tanto para a calidade dos servizos, máis caros e ineficaces, como para o emprego e as propias finanzas municipais. Alén de ser causa de corrupción, é tamén unha forma de detración dos recursos dos galegos e galegas en beneficio de empresas de fóra. Por iso defendemos a xestión pública directa da administración e dos servizos públicos como a fórmula que mellor garante o funcionamento con criterios de calidade e interese público. En consecuencia, sendo conscientes das dificultades impostas polo Estado defenderemos a recuperación da xestión directa dos servizos públicos privatizados sempre que for posíbel. Para iso é necesario actuar en espazos fóra do ámbito municipal, loitando contra as medidas de 'estabilidade' que estrangulan a capacidade do Concello e exixindo a transformación de todas as condicións (marco legal, financiamento local etc.) que teñen como obxectivo entorpecer a xestión directa. Mentres iso non se consiga, as dificultades son moitas; de aí a importancia de ter a posibilidade de incidir en provocar cambios na lexislación nos parlamentos e traballar cos nosos representantes en Compostela, en Madrid e en Bruxelas para profundar na necesidade de superar ese modelo.

CONCELLOS POLA IGUALDADE E CONTRA O PATRIARCADO

Acción feminista

No BNG temos na nosa esencia política a defensa dos dereitos das mulleres e a loita por unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Nun contexto no que a crise económica arrasou coas axudas que moitas mulleres percibían por coidaren persoas dependentes, no que a reforma laboral e a destrución de emprego expulsou a moitas mulleres do mundo laboral, no que a violencia machista continúa a ser un cancro que ameaza constantemente a vida das mulleres, é preciso unha política municipal activa que confronte o patriarcado e que defenda os dereitos das mulleres.

Para isto:

- ▶ Incrementaremos a oferta de servizos de conciliación, especialmente en períodos vacacionais.
- ▶ Impulsaremos programas de igualdade nas escolas.
- ▶ Fomentaremos o emprego, con especial incidencia na igualdade salarial e a non discriminación por xénero nas empresas.
- ▶ Fomentaremos o incremento da implicación social das mulleres e o seu acceso ao espazo público.

A diversidade, garantía da igualdade

No BNG cremos firmemente na necesidade de transformar a sociedade desde unha perspectiva inclusiva para o desenvolvemento dunha sociedade máis xusta, equitativa e democrática. Condenamos calquera tipo de discriminación por razón de xénero, capacidade, crenzas, estrato social ou calquera outra característica que desvalorice a riqueza da diversidade humana que constrúe unha sociedade plural. Por iso é importante incorporar a perspectiva da diversidade na axenda política do municipio e na acción política municipal.

E para iso propoñemos:

- ▶ Atender á diversidade funcional, garantindo o acceso de toda a poboación a programas de inserción social e laboral, de lecer e de actividade física ou deportiva. Desde a Área de Servizos Sociais xa puxemos en marcha un servizo de atención temperá que é preciso consolidar e ampliar.
- ▶ Incorporar a perspectiva da diversidade nos principais plans e programas municipais,

para garantir a transversalidade destas políticas.

- ▶ Impulsar unha política de comunicación directa cos diferentes colectivos locais que traballen a prol dunha sociedade máis inclusiva.
- ▶ Organizar campamentos inclusivos onde ningún neno ou nena fiquen fóra.
- ▶ Avaliar as prazas de aparcamento de mobilidade reducida, crear outras novas se non son suficientes e modificar as ordenanzas para permitir o acceso rodado en horario comercial a persoas altamente dependentes.
- ▶ Avaliar e actualizar a normativa de taxis adaptados en canto á ratio de poboación.
- ▶ Redactar un plan de inclusión contando coas persoas e os colectivos para coñecer as necesidades e prioridades de persoas, familias e entidades que traballan a prol da inclusión.
- ▶ Planificar accións de visibilización e respecto á diversidade
- ▶ Contar con intérpretes de lingua de signos nas principais actividades municipais.
- ▶ Planificar melloras de accesibilidade universal (física, sensorial e cognitiva) nos espazos municipais, deportivos, culturais e nas propias dependencias do Concello que faciliten que as persoas poidan realizar as súas xestións ordinarias con normalidade.

ALTERNATIVAS PARA A MOCIDADE

A mocidade precisa de medios para favorecer o seu desenvolvemento persoal e a súa independencia. Tentar mellorar o emprego da xente moza e garantir uns servizos de calidade é un traballo prioritario, como tamén o é favorecer o acceso á vivenda.

A vivenda é unha necesidade social básica e a oferta ten que ser diversa e debe amparar a todos os sectores sociais, pero de maneira especial a xente moza, tanto en réxime de propiedade coma de alugueiro, de nova construción ou rehabilitación.

O Plan xeral de ordenación municipal prevé unha reserva para vivenda de promoción pública do 30% e garante uns criterios de calidade tanto na construción como na súa situación no territorio, sempre a cando se constrúa neses lugares, cousa que ata o momento non aconteceu.

O Concello de Sada debe explorar a posibilidade de incorporar ao patrimonio público construcións que, cumprindo a normativa, están paradas por razóns de oportunidade ou de mercado, e acometer un plan de impulso á vivenda de alugueiro para pór no mercado esas vivendas baleiras ou a medio construír que existen en Sada, negociando as condicións cos propietarios dos terreos.

- ▶ Tamén exixiremos á Xunta un Plan de emerxencia social co obxecto de paliar a grave situación de pobreza existente, nomeadamente na xente moza sen traballo, incluíndo medidas como o cumprimento dos prazos para o cobro da RISGA ou programas de vivenda efectivos que paralícen os desafuzamentos.
- ▶ Desenvolveremos programas de Intervención Comunitaria e dotaremos de lugares de lecer e de lugares de ensaio para os grupos musicais.
- ▶ Reclamaremos da Xunta a ampliación da escola infantil de Mondego para garantir a universalidade na prestación do servizo, como medida de apoio á conciliación e para promover o uso da lingua galega.
- ▶ Deseño e implementación dun programa comarcal de prevención de adiccións na infancia e mocidade
- ▶ Elaboración dun programa de fomento do coñecemento da multiculturalidade e inclusión de persoas novas inmigrantes

CONCELLOS COMPROMETIDOS COAS PERSOAS MAIORES

Dende o Concello hai que contribuír ao envellecemento saudábel e activo, facilitando a autonomía persoal e garantindo que ningunha persoa sexa discriminada conforme vai envellecendo. É importante que a perspectiva de idade estea incorporada en todas as políticas e actuacións municipais, facendo que as persoas maiores poidan implicarse identificando as súas necesidades e ofrecendo propostas para a súa solución.

Por isto:

- ▶ Propoñeremos un plan local específico de atención ás persoas maiores coa finalidade de dar unha resposta municipal ao progresivo envellecemento da poboación do concello e de promover a súa participación na mellora da súa calidade de vida.
- ▶ Fomentaremos actividades de lecer activo.
- ▶ Reclamaremos á Xunta de Galiza a ampliación do Centro de Día de Mondego, así como unha Residencia Pública de atención á terceira idade nos terreos municipais que o goberno municipal presidido polo BNG adquiriu no seu día e que nos permiten ter terreos dispoñíbeis para moitos anos, tamén para a creación de apartamentos para persoas maiores autónomas. A cobertura en Sada está lonxe de acadar o 5% que establece a propia Secretaría Xeral de Benestar, igual que no resto de Galiza, posto que agora a porcentaxe galega está no 2,90%; en canto ás non-residenciais, teríamos que ter un 2% e hai un 1,56% de media nacional. En Sada non temos prazas públicas residenciais.
- ▶ Promoveremos a alfabetización informática e tecnolóxica das persoas maiores para achegalas ás novas tecnoloxías.
- ▶ Procuraremos medidas que poñan en marcha un servizo de acompañamento de persoas maiores que viven soas para a realización de diferentes trámites, visitas médicas...
- ▶ Atenderemos dun xeito efectivo e áxil ás situacións de pobreza extrema.
- ▶ Esixiremos da Xunta a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a todas as persoas con grao de discapacidade e dependencia recoñecida, con financiamento e xestión por parte da Xunta de Galiza, garantindo a universalidade do servizo.
- ▶ Promoveremos programas de envellecemento activo e achegaremos a práctica deportiva ás persoas maiores, que poderán utilizar as instalacións deportivas de todo o concello e nomeadamente as de Mondego no horario que se acorde.

AS NOVAS TIC AO SERVIZO DA SOCIEDADE

Son moitas as ferramentas das que nos dotan as novas tecnoloxías para acadar unha comunicación máis eficaz e eficiente entre os concellos e a veciñanza. As páxinas web institucionais, as redes sociais e todas as novas ferramentas que van aparecendo son elementos poderosos para espallar os nosos recursos, a nosa lingua e cultura e as posibilidades turísticas de Sada, á vez que proporcionan información precisa do labor de goberno e das actividades, o que contribúe á transparencia e á participación.

Mais tamén hai outras moitas caras: os trámites e a propia xestión administrativa que non se entende sen as computadoradoras, a relación coa administración na realización de todo tipo de tramites, a inexistencia dunha axeitada cobertura que permita esa comunicación...

Por isto:

- ▶ Impulsaremos un servizo máis personalizado, no que se teñan en conta as parroquias para asesorar e axudar as persoas maiores para o trámite coa administración.
- ▶ Promoveremos obradoiros de alfabetización informática nas casas do pobo en colaboración coas asociacións de veciños.
- ▶ Potenciaremos os servizos que se prestan na antiga aula CEMIT.
- ▶ Insistiremos na instalación da fibra óptica en todo o concello, así como dunha cobertura de teléfono móbil axeitada e eficiente.







Sada
**Merece
Máis!**

**Emilio
Graña
Mosquera**